



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DIA 28 DE DECEMBRO DE 2015.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vinteoito de decembro de dous mil quince; a unha do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente Don José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Don Ricardo González Amaro e Dona Maria López Touza.- Non asiste Don Javier Iglesias Sendín.-

Está presente o Secretario-Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado vinteún de decembro de dous mil quince (ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.--

ACORDO DE EFICACIA DE COMUNICACION PREVIA.-

OBRAS.- EXPTE. RIB/N/128/15.- Examinada a solicitude presentada de **COMUNICACION PREVIA DE OBRAS** e visto o informe técnico de data 21.12.2015, **ACORDOUSE A EFICACIA DA COMUNICACION PREVIA DA OBRA** solicitada por Don Serafín Alejandro Chao Alvarez, na representación da Comunidade de Propietarios do inmovible sito na rúa Ribeiro nº 19, de Ribadavia, para a instalación dun ascensor no referido inmovible.

CONDICIONS.-

"As obras executaranse segundo "Proxecto Básico e de Execución de Instalación de ascensor en edificio de vivendas" e anexos que constan no expediente redactados pola arquitecta técnica Dona Patricia Armada Iglesias.

A dirección da obra e a coordinación de Seguridade e Saude correrán a cargo de Dona Patricia Armada Iglesias. En caso de proceder á modificación do deseño da porta exterior do portal, deberase presentar unha proposta que se axuste ó artigo 90.1 do PEPRI, segundo a Modificación Puntual aprobada definitivamente o 26 de febreiro do 2004.

Coa finalidade de cumprimento do artigo 9.1.b). Deberes de uso, conservación e rehabilitación da Lei 9/2002; deberá procederse á limpeza do paramento da fachada principal e á renovación do acabado de pintura da fachada posterior e das fachadas laterais, presentándose con anterioridade á correspondente Comunicación previa."

Liquidación ICIO: Tendo en conta que con data 24/11/2015, o interesado abonou en concepto de liquidación provisional do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras a contía de 514.36 euros, e visto o orzamento estimado que figura no informe técnico e que ascende a 800,00 euros, practicase liquidación complementaria polo Sr. Interventor aos efectos do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras, coincidindo coa contía xa aboada.

Importe execución material / coste da obra:	19.783,00 €	
Importe do ICIO, 2,6% do apartado anterior (mín. 42€):	514,36 €	
Aboado por autoliquidación:	514,36 €	24-11-15
Cantidade que deberá aboar adicionalmente:	0,00 €	



3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-

EXPEDIENTE RIB/S/278.6/13 DE LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.-

Visto o escrito de **Dona Montserrat e Dona Maria Luisa López Fernáandez**, con domicilio na rúa San Martiño nº8, desta Vila, onde solicita licencia de primeira ocupación para a edificación (consta de planta sotano, baixo, vivenda e vivenda duplex baixo cuberta) sita na Praza Maior nº2, desta Vila.

Visto o informe favorable da Arquitecto Municipal de data 22 de decembro de 2015.

A Xunta de Goberno Local, en uso das facultades delegadas pola Alcaldía, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Conceder Licenza de PRIMEIRA OCUPACIÓN a Dona Montserrat e Dona Maria Luisa López Fernández, para edificación sito na Praza Maior nº 2, desta Vila.

Segundo.- Comunicar o presente acordo as interesadas.

ACOMETIDAS DE AUGA PARA USO DOMÉSTICO.-

1.- Visto o escrito presentado por **Don Marcos Meiriño Rey**, con domicilio na rúa Salgado Moscoso nº 19, desta Vila, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 15-12-2015 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

Como Secretario fago referencia aos acordos adoptados en Xunta de Goberno Local de 12 de decembro de 2011.

ACOMETIDAS DE AUGA PARA USO INDUSTRIAL.-

1.- Visto o escrito presentado por **Nuevos Velatorios Virxe do Portal OU S.L.**, con domicilio na avda. de Redondela nº 4, baixo, desta Vila, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso industrial, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 17-12-2015 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.



Como Secretario fago referencia aos acordos adoptados en Xunta de Goberno Local de 12 de decembro de 2011.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

- Da Xerencia Territorial do Catastro, escrito comunicando a iniciación de procedemento simplificado de valoración de bens inmoables.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

APROBACION DE PRESUPOSTO PARA CONTRATO DE ASISTENCIA E COLABORACION EN MATERIA DE XESTION ENERXETICA DO CONCELLO DE RIBADAVIA.-

Visto o escrito presentado pola empresa Moenergia, relativo a realización de traballos de asistencia e colaboración na comprobación e inspección (revisión técnica da facturación e revisión do consumo enerxético) da empresa subministradora de enerxía eléctrica, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, visto a metodoloxía do traballo e a proposta económica ofertada, acorda:

1º. Aceptar a proposta presentada cos condicionantes fixados na mesma e fixándose como prezo do servizo o 15% máis I.V.E. sobre o aforro na facturación durante os 12 primeiros meses, aínda que se establece que o límite máximo da cuantía a percibir será o establecido para os dos contratos menores, do artigo 138.3 do TR 3/2011 de 14 de novembro, polo que se aproba o TRLCSP.

Para ser efectivo este acordo deberá presentar certificados de estar o corrente coa Seguridade Social, Facenda Estatal, Autonómica e Local.

2º.- Notificar o presente acordo a empresa Moenergia.

ADHESION AO PROGRAMA PROVINCIAL DE COOPERACION COS CONCELLOS PARA REALIZACION DE ACTUACIONES DE LIMPEZA DAS MARXES DAS REDES VIARIAS MUNICIPAIS E PROVINCIAL PARA O EXERCICIO 2016.-

Unha vez vistas as bases reguladoras do Programa Provincial de Cooperación cos Concellos para realización de actuacións de limpeza das marxes das redes viarias municipais e provincial para o exercicio 2016, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes ACORDA:

1º.- Aprobar a adhesión do Concello de Ribadavia ao Programa provincial de Cooperación cos Concellos para a realización de actuacións de limpeza das marxes das redes viarias municipal e provincial para o exercicio 2016.

2º.- Asumir expresamente as obrigas que como beneficiario lle corresponde do programa de cooperación, en particular as previstas na cláusula 7ª das bases que regulan o programa de cooperación, comprometéndose a realizar os traballos da rede viaria provincial que se determinen por Resolución da Presidencia da Deputación, para un tramo ou conxunto de tramos de entre 10 e 12 quilómetros de lonxitude.



3º.-Declarar que o Concello de Ribadavia non se atopa incurso en prohibición de obter subvencións da Deputación Provincial conforme co que dispón o artigo 13 da Lei xeral de subvencións, manifestando, igualmente, estar o corrente das obrigas tributarias e de Seguridade Social.

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo a unha e media do mediodia, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.



Concello de Ribadavia